

Martes, 8 de setiembre del 2009

Santiago



Máis de cen persoas están matriculadas neste curso de formación continua organizado pola USC | XOÁN A. SOLER

Autores e representantes do sector editorial analizan a poesía infantil deste século nun curso da USC

La Voz

SANTIAGO | Un ano máis, a Rede temática de Literatura Infantil e xuvenil da USC e, nesta edición, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), co apoio da Dirección Xeral de Política Lingüística, poñen en marcha o sexto curso de formación continua *As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora*, no que se tratará a poesía infantil no século XXI.

A sede da Biblioteca Funda-

ción Caixa Galicia acolle desde onte a parte presencial deste curso que rematará o xoves. O director do Departamento de Filoloxía Galega, Francisco Cidrás; a directora do curso, Blanca Ana Roig; e o director da Biblioteca da Fundación, Pedro Lucas, presidiron a inauguración do mesmo, acto tras o cal foi presentando un informe sobre docencia e investigación na literatura infantil e xuvenil.

A sesión da mañá completouse cun obradoiro de poesía a cargo

do escritor Antonio García Teijeiro quen, xunto con Ana María Fernández, participou nun encontro literario cos asistentes. Pola tarde celebrouse un recital poético musical de autores do marco ibérico, rematando a xornada cun encontro co poeta vasco Juan Kruz Igerabide e o portugués João Pedro Mésseder. O programa de hoxe comezará cunha mesa sobre a poesía de transmisión oral da man de Antón Cortizas, Manuel Rico e David Otero.